

ANUNCIO

ÓRGANO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

DATA: 18/11/2025

APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO XV RUTA BTT DA CAMELIA POLO VAL DO ULLA 2026

Artigo 1. Obxecto

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxase a contía para a participación na XV Ruta BTT da Camelia polo Val do Ulla 2026.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento

Persoas participantes da actividade e, no seu caso, os pais, titores ou responsables dos menores de entre 16 e 18 anos que se inscriban na actividade.

Artigo 3. Contía

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola inscrición é de 20 euros.

Artigo 4. Normas de xestión

O pago do prezo público realizarase no momento da inscrición a través da plataforma habilitada pola empresa que resulte adxudicataria do servizo de inscrición e cronometraxe.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá no caso de cancelación da actividade.

Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Vedra, 19 de novembro de 2025

O Alcalde (documento asinado dixitalmente)